Federación Galega de Espeleoloxía

Material necesario

Material para facer actividade espeleolóxica:

Material colectivo aportado polo club organizador

Material individual: arnés con material de ascenso e descenso, casco con iluminación e roupa axeitada.

Material para a pernocta:

Tenda de campaña, esteira e saco.

Outro material:
Prato, cantarillo e cubertos para a cea e o almorzo a conta da organización.

Localización

Localización do lugar onde se celebra o XIX Campamento Infantil Xuvenil de Espeleoloxía.

Camping Liméns
Camiño da Pinela, 2 - Santa Marta, Darbo
36940 - Cangas do Morrazo
Pontevedra, España

Coordenadas GPS.

Latitud: 42° 15' 40" N
Longitud: 8° 48' 33" W

Mapa de localización.



XIX Campamento Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía

26 – 27 setembro 2015
Furnas
Liméns-Cangas do Morrazo

Organiza

Federación Galega de Espeleoloxía

Colabora

camping LIMENS

Federación Galega de Espeleoloxía

Regulamento

XIX Campamento Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía

26 e 27 de setembro de 2015. Liméns, Cangas do Morrazo.

Data límite de **inscrición** no Campamento: 22 de setembro 2015, a través do email info@celtas.net ou o teléfono 986 43 85 05

Para poder participar no campamento é imprescindible estar en posesión da licenza expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida pola FGE (as das federacións integradas na CEC). Os menores de idade precisan de permiso paterno (que custodiará o club) e acudir tutelados por un adulto.

Os participantes virán equipados co material espeleolóxico de progresión horizontal e vertical individual, así como do material preciso para a acampada e pernocta.

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes.

Calquera outra situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

Non esquezas: Realizar un traballo en equipo, fundamento da actividade espeleolóxica.

Programa de actividade

Sábado 26 de setembro:

10h - 11h. Recepción de participantes:
11h - 13h. Montaxe de tendas.
13h- 14h . Presentacións e información actividades
14h. Xantar
15,30h. Actividade espeleolóxica
21h. Cea (por conta da organización)
22h. Velada nocturna

Domingo 27 de setembro:

09,30h. Almorzo (por conta da organización)
10,30h. Actividade espeleoloxica
14h. Xantar
15,30h. Actividade espeleolóxica
17,30h. Clausura

A Organización faise cargo do aloxamento e manutención dos participantes infantís e xuvenís. Os adultos que participen ou acompañen os infantís ou xuvenís terán unha cuota de 20 euros que inclúe o aloxamento en tenda (sen coche), cea do sábado e almorzo do domingo.

Lugares de interese

Furna de Santa Marta
Furna do Caño
Furna do Lago
Furna de Basaduriños

Club Montañeiros Celtas
Camelias 78 Ofic K
986438505
info@celtas.net
www.celtas.gal